

An aerial photograph taken from the perspective of a passenger looking out of an airplane window. The white wing of the aircraft is visible in the upper left and center, extending towards the right. The tail fin, featuring a red and yellow design, is visible in the upper right corner. Below the wing, a coastal town with buildings and greenery is visible, situated along a bay or inlet. The sky is filled with soft, white clouds. The overall scene is captured from a high altitude, looking down at the landscape.

Proyecto de dirección
IES de Mugarodos
2021 - 2025

**Serafín
Álvarez
Rodríguez**

IES de Mugardos

Código: 15025657

Serafín Álvarez Rodríguez

34970498X

Profesor de Ensino Secundario

Especialidade: Lingua galega e literatura

Proxecto de dirección 21 -25

Versión na rede

<https://sites.google.com/view/proxecto21-25/inicio>



Candidato

Traxectoria e motivación

Acabo de cumprir o sétimo trienio de servizo administrativo docente. Tras varios centros nas catro delegacións territoriais que me permitiron vivir e coñecer Galicia desde Ourense ata Betanzos e desde Vilanova de Arousa ata Ribadeo, obtiven o primeiro destino definitivo no IES Castro de Baronceli (Verín). Fun titor académico de varios grupos ESO e membro e coordinador de varios equipos que conseguiron a aprobación do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en tres centros diferentes.

No curso 2010-2011 obtiven o segundo destino definitivo, e ata o momento último, no IES Mugardos. Lembro con agrado a titoría dun grupo denominado daquela PCPI e a coordinación do Grupos de Traballo centrado na redacción inicial do Plan de Mellora e posta en marcha do proxecto lector coa Hora de Ler e os Clubs de Lectura entre outras medidas.

Xa ao curso seguinte asumín o cargo de vicedirector no equipo da directora Covadonga Rodríguez-Moldes. Entre outras tarefas, dese período saliento a actualización da páxina web do cenro e a organización da conmemoración do 25 aniversario.

Presentei voluntariamente o primeiro proxecto de dirección para o período 2013-2017, e renovei a solicitude para o 2017-2021. Nestes oito anos os principais retos viñeron dados pola necesidade de afrontar a forte crise económica da década, a implantación da LOMCE e o contexto da covid-19.

Equipo

Ao longo dos últimos oitos cursos contei imprescindiblemente cun equipo directivo formado polos seguintes membros:

Vicedirección

Begoña María Gomez Díaz (2016 – 2021)

Francisco Canoura Quintana (2016-2019)

Ofelia Lubián Dubra (2013-2016)

Secretaría

Rafael Lago Santamaría

Xefatura de estudos

David Martínez Millán (2019 – 2021)

María Luz Pardo Oroso (2013 - 2019)

Xefatura de estudos de adultos

José Luis Mayobre Antón (2019 – 2021)

Jesús Conde Lourido (2013 – 2019)

Obxectivos e liñas de actuación

Os retos dos próximos anos poscovid serán xestionar na nosa pequena escala as consecuencias da crise demográfica, económica e medioambiental. Asemade, deberemos adaptarnos aos cambios lexislativos (LOMLOE). E o máis importante, propiciar un cambio pedagóxico profundo na liña do Espazo Europeo da Educación 20-25: **aprendizaxe competencial, dixitalización e educación inclusiva**.

Por iso os eixos fundamentais de actuación van nesta liña. A súa recompilación en catro grandes áreas é só unha forma de sintetizar o amplo abano de actuacións en que está implicados todos os sectores do centro. Os datos achegados baséanse en diferentes fontes documentais como as Programacións Xerais de Centro (PXA), as memorias finais de curso ou os plans de mellora realizados de xeito salientable polos departamentos didácticos.

Velaquí as catro grandes liñas de actuación. En todos eles xa se veñen desenvolvendo accións desde hai tempo, nuns cumpriranse os obxectivos marcados e noutros serán unha tarefa permanente.

IES DE MUGARDOS

- Contexto socioeconómico
- Instalacións e materiais
- Oferta educativa
- Servizos complementarios

COMUNIDADE EDUCATIVA

- Alumnado
- Profesorado
- Familias. ANPA
- Persoal non docente
- Relacións coa contorna

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Atención á diversidade
- Convivencia e igualdade
- Coordinación pedagóxica
- Xestión económica
- Actividades complementarias e extraescolares
- Documentación de centro

PROGRAMAS E DINAMIZACIÓNS

- Igualdade
- Fomento da lectura
- Plurilingüismo
- TIC-TAC
- Actividade física e hábitos saudables
- Artes, ciencia e emprendemento
- Educación medioambiental

Contexto socioeconómico

Cos datos publicados polo [Instituto Galego de Estatística](#) (IGE), o ámbito de influencia do IES Mugar dos, nos concellos de Mugar dos e Ares, incluíríase en liñas xerais dentro dun nivel socioeconómico medio/baixo. Os índices máis preocupantes son o envellecemento demográfico, o movemento migratorio e o desemprego.

O padrón de 2020 establece para Mugar dos un cómputo de 5.215 habitantes (321 menos que o ano 2010). A idade media é de 54,4 anos (dato de 2020). O índice de envellecemento é de 214 maiores de 65 por cada cen menores de 20. Polo contrario, o concello de Ares vén experimentado nas últimas décadas un aumento da poboación ata os 5.829 habitantes na actualidade. O seu índice de envellecemento é de 171%.

A análise dos indicadores económicos debería realizarse tras á volta á nova normalidade poscovid, cuxos datos aínda non coñecemos. As previsións máis pesimistas como a taxa de desemprego xuvenil apuntan a unha aceleración do movemento de poboación cara ao outros polos laborais.

Por outra banda, este mesmo proxecto de dirección inclúese na nova lei de educación xa vixente neste curso. O proceso de implantación da LOMLOE abranguerá totalmente os vindeiros catro anos:

2021-2022: Modificacións na avaliación e condicións de promoción e titulación.

2022-2023: Modificacións do currículo dos cursos impares.

2023-2024: Modificacións do currículo dos cursos pares.

2024-2025: Aplicación dos cambios no acceso e admisión na universidade. Avaliacións diagnósticas en 2.º ESO.

Con estes datos, malia que incompletos parece necesario recoñecermos que as dificultades socioeconómicas da comarca xunto coa implantación da nova lexislación educativa condicionarán o noso labor educativo nos vindeiros anos.

OBXECTIVOS

- Velar pola equidade e igualdade de oportunidades do noso alumnado.
- Lograr medidas e servizos de axuda e conciliación familiar: comedor, clases de apoio...
- Aproveitar a autonomía de centro dentro do novo marco normativo.
- Incorporar o Bacharelato Xeral da LOMLOE.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Estreitar a relación cos Servizos Sociais municipais para a detección temperá das necesidades e actuacións de emerxencia.

- Apoiar a ANPA para o mantemento do "Banco de libros" en bacharelato ou outro sistema de intercambio de libros de texto.
- Conxelar os prezos das axudas para o transporte nas saídas escolares (3 euros, medio día; 5 euro, xornada enteira).
- Conxelar os prezos por fotocopia e dos servizos de reprografía.
- Traballar pola a implantación de servizo de comedor.
- Solicitar medidas de reforzo e apoio educativo fóra do horario lectivo.
- Garantir os servizos da biblioteca escolar como o préstamo, o acceso a internet e outros produtos culturais.
- Publicitar as axudas e bolsas de interese para o noso alumnado.
- Publicitar a oferta educativa e a matrícula.
- Atender e pór en valor a Educación secundaria para persoas adultas en previsión do aumento de matrícula.
- Integrarse na Rede de Centros Solidarios de Galicia.
- Seguir o calendario de implantación da LOMLOE.
- Estudiar as medidas de representen unha maior autonomía de centro.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Seguimento dos datos de matrícula.
- Seguimento das concesións de Bolsas (MEC) e axudas do Concello.
- Índice Socioeconómico e cultural (ISEC).

Instalacións e dotación material

O edificio principal do instituto, inaugurado a finais do 1989, cumprirá proximamente 3 anos. A principal ampliación neste tempo foi no seu momento a construción do pavillón e máis recentemente o obradoiro de floristería. As instalacións gozan en xeral dun bo estado de conservación. Realízanse todos os anos obras de mantemento e reposición como os sucesivos cableados da rede de datos. As reparacións recentes máis salientables foron a substitución dos motores de bombeo de combustible á caldeira da calefacción e a renovación do transformador eléctrico. Estas obras lémbra-nos a necesidade de mellorar a eficacia enerxética do centro.

O concepto dos espazos educativos significativos ou ambientes de aprendizaxe vai cobrar forza nos próximos anos. A necesidade de redeseñar os lugares tradicionais da aula, dos patios e

zonas comúns veñen da man das correntes de renovación pedagóxica. Usos múltiples, zonas diferenciadas, espazos maker... e novas materias como robótica, realidade virtual ou as xa anunciadas de intelixencia artificial esixen a transformación das aulas e os materiais dispoñibles.

Por outra banda, tamén se debe contemplar a necesidade de transformación das zonas comúns e os patios escolares como unha axuda á mellora xeral da convivencia e fomento de hábitos saudables de lecer. Un factor de mellora importante sería a construción de novos vestiarios no pavillón para desconxestionar os xa existentes compartidos co alumnado de FP Básica.

O equipamento do centro procede da dotación da Consellería de Educación. Retíranse todos os cursos os pupitres e cadeiras en mal estado. Logo de varios anos sen renovación destes elementos, cómpre realizar novas solicitudes e asumir o custe doutros. O centro deberá seguir a como ata agora dedicando cunha partida do orzamento á adquisición de materiais didácticos solicitados polos departamentos.

Entre os elementos inventariables figurara tamén totalidade do equipamento informático. Neste sentido, deberá avaliarse a necesidade de contratar os servizos externos para o mantemento do equipamento informático.

OBXECTIVOS

- Garantir a seguridade e integridade física para as persoas dentro do recinto escolar.
- Modernizar o edificio e as instalacións deportivas.
- Adecuar os espazos acorde as novas necesidades. pedagóxicas para usos múltiples, ensino colaborativo, proxectos...
- Conseguir espazos agradables para a concentración e o estudo.
- Mellorar a eficiencia enerxética do centro.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Estreitar a relación cos Servizos Sociais municipais para a detección temperá das necesidades e actuacións de emerxencia.
- Apoiar a ANPA para o mantemento do "Banco de libros" en bacharelato ou outro sistema de intercambio de libros de texto.
- Conxelar os prezos das axudas para o transporte nas saídas escolares (3 euros, medio día; 5 euro, xornada enteira).
- Conxelar os prezos por fotocopia e dos servizos de reprografía.
- Traballar pola a implantación de servizo de comedor.
- Solicitar medidas de reforzo e apoio educativo fóra do horario lectivo.
- Garantir os servizos da biblioteca escolar como o préstamo, o acceso a internet e outros produtos culturais.

- Publicitar as axudas e bolsas de interese para o noso alumnado.
- Publicitar a oferta educativa e a matrícula.
- Atender e pór en valor a Educación secundaria para persoas adultas en previsión do aumento de matrícula.
- Integrarse na Rede de Centros Solidarios de Galicia.
- Seguir o calendario de implantación da LOMLOE.
- Estudar as medidas de representen unha maior autonomía de centro.Revisión periódica dos elementos arquitectónicos con criterios de seguridade.
- Presupostar e acometer a limpeza e pintura das fachadas e elementos exteriores do edificio.
- Limpeza e pintado anual dos espazos interiores que o vaian necesitando.
- Actualización das taquillas e pulo do servizo de aluguer.
- Adecuar a pista pista exterior para aumentar o seu uso deportivo e de lecer.
- Estudo de viabilidade de construción de novos vestiarios no pavillón.
- Actualizar o inventario de materiais.
- Renovación do mobiliario, taboleiros e decoración.
- Participación en proxectos de posta en valor da zona axardinada, o invernadoiro e a estación meteorolóxica.
- Posta en valor do xardín, a cortiña co invernadoiro e a estación metereolóxica.
- Ampliación progresiva do equipamento de "Agroxardinaría"
- Reducir os consumos enerxéticos con plans viables de transición ecolóxica.
- Contratar, se for preciso, o mantemento do equipamento informático a unha empresa especialidade.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Orzamentos e investimentos recollidos nas contas anuais.
- Solicitudes á Xefatura Territorial, á Subdirección Xeral de Construcións e Equipamentos ou á Unidade de Atención a Centros.
- Obras e melloras efectuadas.

Oferta educativa

Salvo as modificacións nos plans de estudo, a curto e medio prazo non se prevén cambios na que ten sido durante os últimos cursos a oferta educativa do noso centro. Porén cómpre estar atentos ás actualizacións da Formación Profesional e as súas modalidades (adultos, dual...) Están a xurdir ciclos novidosos nas familias profesionais de proxección para o centro e que poderían solicitarse en función da demanda detectada cos axentes económicos e políticos da comarca.

Salvo as modificacións nos plans de estudo, a curto e medio prazo non se prevén cambios na que ten sido durante os últimos cursos a oferta educativa do noso centro. Porén cómpre estar atentos ás actualizacións da Formación Profesional e as súas modalidades (adultos, dual...) Están a xurdir ciclos novidosos nas familias profesionais de proxección para o centro e que poderían solicitarse en función da demanda detectada cos axentes económicos e políticos da comarca.

▼ Educación secundaria obrigatoria		
Plan	Réxime	Nivel
Plan LOMCE	Réxime xeral-ordinario	Educación secundaria obrigatoria

▶ Bacharelato		
Plan	Réxime	Nivel
Plan LOMCE	Réxime xeral-ordinario	Ciencias
Plan LOMCE	Réxime xeral-ordinario	Humanidades e ciencias sociais

▶ Ciclos formativos		
Plan	Réxime	Nivel
Plan LOMCE	Réxime xeral-ordinario	Ciclo Básico -Agroxardinaría e composicións florais

▶ Educación secundaria para persoas adultas		
Plan	Réxime	Nivel
Plan LOMCE	Réxime de adultos	Educación secundaria para persoas adultas

OBXECTIVOS

- Publicitar as ensinanzas impartidas no centro, especialmente a Educación Secundaria de adultos e a FP Básica.
- Incorporar o Bacharelato Xeral da LOMLOE.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Atender e pór en valor a Educación secundaria para persoas adultas en previsión do aumento de matrícula.
- Proxectar a oferta de FP Básica de "Agroxardinaría" a nivel comarcal.
- Consolidar os plans de potenciación de linguas estranxeiras coa presenza do Programa CUALE (inglés).
- Buscar a oportunidade segundos a demanda de matrícula de apoiar co resto dos axentes sociais a posibilidade de completar a oferta educativa dos concellos de Ares e Mugaros cun ciclo de Formación Profesional.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Seguimento da oferta educativa.

Servizos complementarios

A mobilidade representa para o noso alumnado en idade de escolarización obrigatoria unha necesidade fundamental. Contamos con dúas liñas de transporte subvencionado no concello de Mugaros. Ademais, mantense en réxime de liña metropolitana un autobús desde o concello de Ares con servizo ao instituto. Tense feito un esforzo de vixilancia e ordenamento da circulación a prol da seguridade vial na subida e baixada de viaxeiros por parte da Policía Local na contorna do centro.

Alén destas liñas fundamentais para o instituto, cómpre demandar unha melloría no transporte metropolitano para permitirnos captar alumnado nos próximos anos.

En canto ao servizo de cafetaría, a súa adxudicación pertence á Xefatura Territorial. Deben continuar acometénselle todos os anos a melloras das instalacións. Malia o seu reducido tamaño, pode converterse no punto de partida para ofrecermos servizo de comedor. É unha solicitude complexa polos requirimentos que supón comezar de cero. Porén, existen unha demanda crecente das familias que debe ser estudada e atendida, na medida das posibilidades do centro en colaboración coa ANPA e o concello.

Por último, deixamos constancia de seguir prestado o mellor servizo de reprografía coas máquinas en réxime de rénting.

OBXECTIVOS

- Acadar medidas e servizos de axuda e conciliación familiar: comedor, clases de apoio...

- Velar pola seguridade dos usuarios do servizo de transporte e do acceso ao instituto en xeral.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Colaboración coa Policía Local para o regulamento da seguridade vial e a mellora do acceso ao instituto.
- Actualizar segundo as necesidades dos usuarios a localización das paradas de transporte.
- Demandar a mellora constante do transporte metropolitano.
- Mellorar as instalacións da cafetería, cociña e almacén.
- Colaborar coa concesión do servizo de cafetería para promover hábitos de consumo responsable e dieta equilibrada.
- Traballar pola implantación de servizo de comedor.
- Conxelar os prezos por fotocopia e dos servizos de reprografía.
- Publicitar todos os servizos de reprografía e en especial a impresión dixital.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Informes de usuarios e usuarias do servizo de transporte escolar.
- Adxudicación anual do servizo de cafetería.
- Índices de consumo de fotocopias. Facturación mensual do renting

Alumnado

A principal obriga do proxecto de dirección é que "deberá estar orientado a lograr o **éxito escolar*** de todo o alumnado". De xeito comunmente aceptado, entendemos que o éxito inclúe non só os bos resultados ou a promoción académica, senón tamén a adquisición de habilidades e competencias que favorecen o crecemento persoal e social dos individuos. Asemade, recoñecemos a influencia dos catro factores ou dimensións que se adoitan citar na consecución do éxito escolar: alumno/a, centro de ensino, familia e sociedade.

Atinguen aos alumnos/as como individuos as súas aptitudes e capacidades; a motivación e actitude cara ao estudo e os valores propios de esforzo, responsabilidade, compromiso... Para iso cómpre partirmos dunha atención educativa cada vez máis individualizada ou diferenciada, con medidas que van desde a adaptación ao enriquecemento curricular.

Neste sentido integrador e inclusivo do éxito escolar, establécemos a busca da excelencia como un dos principais obxectivos para todo o alumnado. Ademais, como centro de ensino tamén é importante ofrecer boas expectativas académicas. Isto pasa por acadar os seguintes resultados:

1. Igualar ou mesmo superar a media dos centros públicos de Galicia nas probas de avaliación diagnóstica que se realicen neste período.
2. Lograr que a porcentaxe de promoción se sitúe na ESO arredor do 90% ; no Bacharelato, un 80%; e na FP Básica, o cen por cento.
3. Reducir as diferenzas significativas de resultados entre rapaces e rapazas na ESO.
4. Igualar e superar a media galega na porcentaxe xeral de aprobados nas probas de acceso á universidade.

Alén da representación nos órganos de goberno, as propostas do alumnado canalízanse por medio da acción titorial e, nos últimos anos, na xunta de delegados/as. Cara ao futuro inminente prevese a formulación de novas formas participativas a través de sondaxes de opinión ou enquisas dixitalizadas. Por exemplo, o informe diagnóstico da convivencia nos centros impulsadas pola consellaría.

Por último, o alumnado tamén debe recibir información sobre os procedementos que lle afectan. Cada vez existen maior número de asuntos protocolarizados desde a administración e, previsiblemente, tamén nos vindeiros anos desde o propio centro.

* [Orde do 21 de abril de 2021 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.](#)

OBXECTIVOS

- Incentivar o estudo e a confianza no proceso de aprendizaxe en todo o proceso ensino-aprendizaxe.

- Atender adecuadamente a diversidade do alumnado.
- Reducir as diferenzas de resultados e expectativas académicas por sexos.
- Fomentar a participación na vida do centro.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Aplicar todas as medidas de organización e curriculares admitidas no sistema educativo na atención á diversidade: reforzos, adaptacións, diversificación curricular, seccións bilingües, optativas...
- Conxugar criterios pedagóxicos e criterios de socialización na confección de grupos heteroxéneos.
- Velar polas condicións que permitan rendabilizar o tempo de aprendizaxe na aula: puntualidade, silencio, concentración...
- Impulso dun plan de mellora nas materias instrumentais.
- Continuar co Programa-contrato na modalidade de Mellora para acadar o Éxito Escolar.
- Orientar a xunta de delegados/as como instrumento de participación.
- Realización de enquisas de satisfacción.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Análise dos resultados trimestrais e finais.
- Documentos internos: programacións, memorias...
- Resultados anuais das Probas de Avaliación de Diagnóstico (4.º ESO).
- Resultados das probas de acceso á universidade (2.º BAC).
- Concesión de Matrículas de Honor (2.º BAC) e Premios Extraordinarios (ESO, BAC).
- Participantes en proxectos, programas e concursos educativos.

Profesorado

O cadro de persoal docente está inmerso nun rápido proceso de renovación derivado por unha banda das xubilacións e, por outra, do concurso de traslados. Está formado por uns 35 profesores e profesoras, a case totalidade con destino definitivo no centro. Entre outras moitas cualidades é un claustro activo, solidario e comprometido, capaz de organizar e participar en moitas actividades con demostrada eficiencia e capacidade para afrontar tarefas en equipo. As relacións profesionais son cordiais e o ambiente de traballo, agradable.

Máis alá da distribución por departamentos, moitos deles unipersoais, a docencia é un labor en equipo. Somos conscientes de que para traballar conxuntamente é preciso unha planificación dos tempos de reunión sempre dependentes das posibilidades horarias e disposicións legais que en

ocasiões limitan máis que axudan (Vid. 5.1. Coordinación e planificación docente).

Do mesmo xeito, resulta imprescindible para o centro a participación do profesorado en proxectos de innovación educativa e programas de mellora pois redundan na mellora da calidade e dos resultados, reportan achegas económicas e prestixio entre a comunidade educativa, etcétera.

A dirección do centro apoiará o labor docente na consecución dos seguintes obxectivos que, segundo as evidencias pedagóxicas, inflúen na mellora do éxito escolar:

1. Crear un clima positivo para a aprendizaxe, entornos inclusivos e expectativas de éxito.
2. Actualizar e adaptar os contidos educativos.
3. Empregar metodoloxías activas e prácticas innovadoras.
4. Adaptar a ensinanza á diversidade do alumnado.
5. Coordinarse coas familias.

Todo isto apunta á formación do profesorado como instrumento de cambio á nosa disposición. Principalmente é necesaria a formación continúa en xestión da convivencia, atención á diversidade e metodoloxías didácticas. Sen desprezar ningunha outra necesidade individual ou colectiva, como a actualización de contidos da especialidade, a aprendizaxe de linguas estranxeiras, ou a competencia dixital.

OBXECTIVOS

- Potenciar os órganos de participación e desenvolver todo o posible a súa capacidade de decisión e asunción de responsabilidades compartidas.
- Apoiar a participación do profesorado en proxectos, grupos de traballo e programas de mellora.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Manter as boas prácticas de acollemento de novos docentes.
- Actualizar e publicitar a "Guía do docente" na Aula Virtual do centro.
- Atender as demandas e necesidades do profesorado en colaboración co CFR Ferrol para a actualización do Plan de Formación no Centro.
- Apoiar a posta en práctica nas aulas das actividades de innovación ou excelencia educativa, atención á diversidade e convivencia.
- Fomentar a utilización de todos os sistemas de comunicación coas familias para a realización dos labores de atención a pais e nais.
- Participar en programas de intercambio e plataformas de colaboración profesional.
- Compartir o liderado educativo entre os membros do claustro.
- Promover a reflexión sobre o labor docente e o valor social da profesión.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Seguimento do cadro de persoal docente e datos da Inspección educativa.
- Creación de Grupos de Traballo ou outras modalidades de formación do profesorado.
- Participantes en proxectos de innovación educativa (SEM, proxecta...), programas europeos (ERASMUS+, PIALE...)
- Premios, recoñecementos e publicacións dos membros do claustro.

Persoal non docente

O labor administrativo vén ampliándose nos últimos anos en canto ao apoio as tarefas burocráticas das titorías (comunicacións, informes de asistencia, solicitudes de copias...) Tamén está a ofrecer un servizo áxil na tramitación de certificacións, no rexistro de documentos e na tramitación de títulos.

O persoal de servizos garante e funcionamento diario do instituto nas mellores condicións. As súas achegas na procura de solucións racionais adoitan ser a mellor opción desde o punto de vista práctico e económico. Ademais, o seu labor redunda de xeito estimable na mellora da convivencia escolar.

OBXECTIVOS

- Procurar as mellores condicións e medios de traballo necesarios para a realización das súas tarefas.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Consultar a súa opinión e consello sobre a marcha do centro nos aspectos da súa incumbencia.
- Garantir as boas prácticas de atención ao cidadán no acceso á información que teñan dereito. Axilización dos trámites de expedición de certificacións e títulos.
- Apoiar as propostas encamiñadas a un mellor aproveitamento dos espazos comúns e funcionamento do servizo.
- Velar para que o persoal non docente sexa respectado no desenvolvemento das súas funcións.
- Adecuar as quendas de traballo ás necesidades do horario.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Memoria de Secretaría.

Familias. ANPA

Acadar a participación das familias na vida escolar e colaborar coas titorías e co equipo docente é esencial no aspecto académico. Pero ademais, manter un estreito contacto co centro e realizar un seguimento do traballo dos fillos e fillas afianza o seu desenvolvemento persoal e social. Neste sentido, son parte imprescindible no éxito escolar.

A traxectoria de asociacionismo de nais e pais remóntase aos mesmos inicios do instituto. En canto a número de socios/as, nos últimos cursos pasa por un dos seus mellores momentos grazas ao labor das súas directivas.

A ANPA O Castro está involucrada no Consello Escolar e as súas Comisións. Axuda en actividades no centro como o magosto e participa no financiamento de actividades extraescolares para as familias asociadas e na viaxe de estudos de 4.º ESO. Leva asemade a iniciativa no intercambio de libros de texto e e algunhas actuacións destinadas aos pais e nais do alumnado.

OBXECTIVOS

- Implicar os pais e nais na aprendizaxe eficaz dos seus fillos e fillas.
- Estimular a titoría de pais e nais co profesorado.
- Fomentar a participación das familias na vida do centro.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Aproveitar todas as vías de comunicación coas familias: axenda do estudante, espazo abalar, correo electrónico, páxina web...
- Planificar as reunións colectivas cos pais e nais, entre elas a presentación do curso coa dirección e polo menos dúas veces ao curso coas titorías para a análise e seguimento das primeiras avaliacións.
- Contar coas experiencias sociais, laborais ou culturais salientables da comunidade educativa para a orientación profesional do alumnado.
- Incluír actividades formativas dirixidas ás familias ben a través do plan de formación de centro ou ben a denominada Escola de Pais e Nais.
- Ofrecer un marco de actuacións coordinadas coa ANPA que reforcen o seu funcionamento e o compromiso das familias nas actividades educativas.
- Incluír as reunións mensuais da directiva da ANPA coa dirección do centro na programación inicial.
- Diseñar actividades coa ANPA que afiancen a súa influencia e capacidade financeira.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Convocatorias e participantes nas reunións colectivas.
- Evolución e actividades da ANPA.

Relacións coa contorna

Nos ámbito da educación formal cada vez son máis frecuentes as relacións con institucións e outras entidades de todo tipo. Desde os principios da [Carta das Cidades Educadoras](#) (Barcelona, 1990), ata as intervencións das ONG ou iniciativas empresariais veñen declarando á vontade de participar cos centros de ensino.

O IES Mugardos recibe colaboracións regularmente dos seguintes organismos:

- Concello de Mugardos e Concello de Ares, a través de varias concellarías e servizos municipais como Servizos Sociais ou a Policía Local.
- Empresas locais colaboradoras do ciclo de FP Básica.
- Clubs deportivos, en especial cos premios Estudo e Deporte...
- Garda Civil nas charlas do Plan Director da Convivencia.
- Universidades da Coruña (UDC) e de Santiago (USC) en programas de orientación e algún Máster de formación do profesorado.
- ONG e asociacións profesionais.

Neste sentido cómpre ter en conta especialmente as institucións culturais máis próximas como o Centro de Interpretación do Xacemento do Caldoval e as bibliotecas municipais de Ares e Mugardos, esta última coa boa nova dun futuro edificio e maiores prestacións aos usuarios. Tamén é importante salientar a importancia das entidades deportivas ás que o centro recoñece como axentes educativos fundamentais para todo o alumnado nalgún momento da súa traxectoria escolar.

Igualmente os centros educativos realizan un retorno á sociedade enriquecendo a vida cultural da súa contorna. O seu ámbito de influencia pode amplificarse máis alá das familias do alumnado e máis alá dos límites municipais ata acadarmos certa proxección na comarca de Ferrolterra... e máis alá.

OBXECTIVOS

- Intensificar as relacións exteriores, en especial coas institucións municipais.
- Aumentar a incidencia das actividades do centro na vida sociocultural da comarca.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Estreitar os lazos con todos os servizos municipais.
- Procurar o apoio e colaboración das institucións culturais (bibliotecas) e deportivas.

- Manter o contacto co tecido empresarial para o ciclo FP Básica en concreto, e a orientación laboral e profesional en xerla.
- Ampliar a colaboración cos clubs deportivos da contorna para os premios Estudo e Deporte e outras accións conxuntas.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Rexistro de actividades.
- Documentos internos: memoria de vicedirección...
- Acordos asinados.

Coordinación e organización pedagóxica

Como centro de traballo, o funcionamento do IES require a a planificación dos horarios e posibilidades de reunión dos seus integrantes. O primeiro adoita considerarse un dos momentos máis delicados, do que dependen grandes e pequenas consecuencias futuras, ás veces imprevisibles. A vontade de reparto equitativo da carga de traballo entre o profesorado debe conxugarse coa optimización do esforzo do alumnado ao longo da xornada escolar.

En canto ás reunións de coordinación entre os diferentes estamentos educativos, estes son os que se veñen realizando no centro:

- Reunións semanais: departamentos, coordinación do equipo directivo, coordinación de titorías con Orientación.
- Reunións mensuais: Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunión da directiva coa ANPA.
- Reunións trimestrais: xuntas de avaliación, claustro, Consello Escolar, comisión de convivencia, reunión colectiva dos titores cos pais e nais, xunta de delegados, coordinación cos centros adscritos
- Outras: Claustros e Consellos Escolares extraordinarios, Consello Escolar Municipal,

Dúas son as carencias reiteradas nesta planificación tradicional. Por unha banda, as sesións de coordinación por grupos e niveis, fóra das preceptivas xuntas de avaliación, que sirvan de canle de comunicación entre o profesorado. E, por outra, a coordinación en temas relacionados co currículo de diferentes materias.

O titor/a é unha figura clave na actual organización escolar. Asume numerosas responsabilidades en todos os campos de relación co alumnado, coas familias e co equipo docente. É unha tarefa que demanda experiencia profesional, coñecemento da cultura organizativa do instituto e non poucas doses de tranquilidade vital e sentido común. Recibe a cambio pouco recoñecemento nas condicións laborais.

Daquela, estamos convencidos de que potenciando a figura do titor/a redunda na mellora da orde, a convivencia, a atención ao alumnado e o seu rendemento escolar.

OBXECTIVOS

- Mellorar a coordinación horizontal do profesorado dos diferentes grupos e niveis.
- Racionalizar baixo criterios pedagóxicos a elaboración dos horarios anuais para axudar a mellorar a atención e o rendemento do alumnado.
- Impulsar as actuacións do Plan de Acción Titorial.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Contemplan a posibilidade de reunións de equipos educativos por nivel, polo menos para o primeiro ciclo da ESO, ademais de consolidar as que xa se veñen realizando no centro.
- Definir e aplicar procedementos de coordinación docente que redunden no mellor desenvolvemento da actividade educativa.
- Desenvolver planos de traballo específicos para o mellor funcionamento do centro.
- Sistemantizar as actividades co alumnado desde a recepción dos alumnos, a planificación xeral das sesións de tutoría, o control da disciplina e do absentismo e seguimento académico.
- Aproveitar todas as vías de comunicación coas familias: axenda do estudante, blogs e, sobre todo, as reunións colectivas dos tutores cos pais e nais polo menos dúas veces ao curso.
- Fomentar e apoiar a convocatoria por parte dos/as tutores/as de reunións do profesorado para analizar os problemas específicos e a evolución dos seus grupos.
- Priorizar a asignación de tutorías ao profesorado con destino definitivo no Centro, mantendo os criterios de rotación e incompatibilidade con outras responsabilidades cando as necesidades do servizo o permitan.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Convocatoria de reunións profesionais e de coordinación.
- Satisfacción cos horarios e condicións de traballo no centro.
- Documentos internos: programacións, memorias...

Actividades complementarias e extraescolares

Existen unhas pautas claras, establecidas ao longo dos últimos cursos, para a realización de actividades e que son coñecidas por todos os órganos de goberno do centro. A programación intenta ser equilibrada en canto ao tipo de actividades (deportivas, científicas, artísticas...) e, asemade, compensada en canto á carga horaria por grupos e trimestres.

O profesorado ten demostrado a súa implicación no desenvolvemento desas actividades, algunhas das cales consolidáronse antes da situación de continxencia do último curso e deben continuar a ser un dos sinais de identidade do centro. Referímonos, por exemplo, aos concursos matemáticos, a Semana das Profesións, Edusolidariedade á mugardesa, o acto cultural de fin de curso co premio Estudo e Deporte... Ademais, nos últimos tempos, a biblioteca en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística e os Clubs de Lectura están a achegar interesantes propostas de dinamización cultural.

OBXECTIVOS

- Coordinar as saídas e excursións con obxectivos formativos e fixar uns criterios aceptables en canto á súa temporización, duración e avaliación.
- Facer o posible para que exista unha vía cultural, deportiva e informativa que axude a neutralizar a rutina do curso académico.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Analizar na Comisión de Coordinación Pedagóxica as actividades, especialmente as saídas e viaxes
- Alentar a participación de todos os grupos nalgún proxecto, programa ou concurso comezando polos [Plan Proxecta](#) e outros.
- Apoiar a realización de actividades incluídas nas programacións anuais dos departamentos. Algunhas delas fortemente consolidadas como, por exemplo, a asistencia a obras de teatro, clubs de lectura e ciencia, educación socioafectiva, concursos matemáticos, etcétera.
- Organizar entre o alumnado actividades variadas tanto no formato (campañas, charlas, obradoiros) coma no contido (limpeza e reciclado; autoprotección e seguridade; hixiene, saúde e prevención; orientación académica e laboral; encontros deportivos; solidariedade e concienciación social).
- Diseñar actividades coa ANPA.
- Revitalizar a xunta de delegados/as para canalizar as propostas do alumnado e involucralos na organización de actividades.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Rexistro de actividades.
- Documentos internos: programación e memorias.
- Participación en proxectos.

Xestión económica

Como centro de ensino público, os fondos económicos proceden na súa práctica totalidade da Consellería de Educación. Aínda que nas contan veñan figuando algúns ingresos derivados de servizos e produtos prestados polo centro, son cantidades pequenas. Por exemplo, salientamos polo ser carácter especial para o centro, as vendas de arranxos florais.

O sistema de reparto dos fondos por departamentos véñse realizando segundo as necesidades para cada unha das actividades ou adquisicións solicitadas.

OBXECTIVOS

- Manter as contas equilibradas.
- Garantir un remanente de aforro para imprevistos e obras.
- Reparto distributivo segundo necesidades dos departamentos.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Atención ás necesidades de adquisición de bens e servizos solicitados polos departamentos.
- Continuidade de financiamento compartido das saídas escolares.
- Contrato de aluguer ou renting de fotocopiadoras.
- Contratación de servizos externos segundo a súa necesidade: mantemento informático.
- Inventariar regularmente os bens.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Orzamentos e contas anuais

Igualdade de homes e mulleres

As directrices do proxecto de dirección establecen que deberá incluír contidos en materia de igualdade entre mulleres e homes, non discriminación e prevención da violencia de xénero. Neste apartado cómpre remitirse á [Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes](#). Os artigos 9 (O currículo regulador do sistema educativo) e 10 (Erradicación de prexuízos nos centros docentes) recollen expresamente cales han de ser as liñas de actuación. Todos eles están recollidos no Plan de Igualdade do centro.

Debemos facer mención á existencia dunha comisión de igualdade no seo do Consello Escolar. Do mesmo xeito, existe o compromiso expresado, por exemplo, na sinatura dos contratos-programa con actacións neste ámbito.

OBXECTIVOS

- Cumprimento explícito da Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- Incluír a adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos para atenderen as propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos.
- Adoptar as medidas de corrección ou sanción ante calquera situación no centro de desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Informe do Observatorio da Convivencia.
- Reunións da Comisión de Igualdade.
- Memorias de Xefatura de Estudos, Orientación e departamentos didácticos.

Fomento da lectura

Tres son os esteos nos que nos últimos cursos se baseou a dinamización da biblioteca e as actividades da lectura:

- Incorporación ao Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares de Galicia no curso 2011-2012. Representou unha importante achega de fondos para a renovación de mobiliario e a adquisición de fondos e equipamentos, pero tamén repercutiu na programación estable de actividades.
- Aprobación do Proxecto Lector, da que derivaron medidas como a Hora de Ler.
- Funcionamento estable dos Clubs de Lectura.

OBXECTIVOS

- Avanzar cara a un modelo de biblioteca como centro documental do instituto ao servizo da comunidade educativa.
- Crear espazos e situacións para familiarizar aos nosos alumnos cos libros.
- Revisar o Proxecto Lector de Centro a través de plans anuais de lectura, escritura e a investigación escolar.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Apoiar a realización de actividades da biblioteca como a formación de usuarios, dinamización cultural e, sobre todo, a educación documental.
- Garantir os servizos da biblioteca escolar como o préstamo, o acceso a fontes documentais e a participación en proxectos de centro.
- Continuar coa presenza do centro no Plan de mellora das bibliotecas escolares, Clubs de Lectura e outros (obradoiros artísticos ou científicos, certames literarios e audiovisuais, campionatos de debate...)
- Manter un grupo de apoio á Biblioteca con presenza de profesorado interdisciplinar.
- Incrementar a participación do profesorado nas actividades de formación encamiñadas nesta liña de renovación pedagóxica.
- Crear espazos e situacións para familiarizar aos nosos alumnos coa lectura e os libros: falar deles e manexalos, na aula e na biblioteca escolar.
- Facer partícipe ás familias da importancia da lectura. Implicar aos pais e nais na posible prestación de servizos bibliotecarios como a apertura pola tarde.
- Avaliar periodicamente a HORA DE LER.
- Colaborar coas bibliotecas municipais con actividades e intercambio de información

(guías de lectura...) e actividades que redunden en beneficio da comunidade educativa.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Documentos internos: memoria da biblioteca e clubs de lectura.
- Rexistro de actividades.
- Enquisas sobre a Hora de Ler.
- Datos do programa Meiga de xestión bibliotecaria: número de préstamos, devolucións...

Plurilingüismo e dinamización da lingua galega

A presenza das linguas estranxeiras na vida académica ten aumentado coa implantación no centro das seguintes medidas:

- Auxiliar de conversa en lingua inglesa.
- Seccións bilingües castelán-inglés.
- Oferta de programas para a cualificación en inglés do alumnado (CUALE).

Semella factible manter esta participación no Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras, sempre que conte cun firme compromiso e iniciativa persoal do profesorado e departamentos implicados, boa resposta do alumnado e demanda das familias.

Por outra banda, cómpre recuperarmos as iniciativas de intercambio, cooperación ou mobilidade con centros doutros países, salientablemente dentro do marco europeo.

O estudo estatístico máis completo sobre a realidade sociolingüística do IES Mugar dos foi realizada o curso pasado (2011-12). Dos datos presentados nel extráense en resumo dúas conclusións. Por unha banda, o baixo ou nulo emprego do galego polo alumnado; e a existencia de actitudes tanto favorables á normalización coma reacias á ampliación de usos, principalmente orais.

En calquera dos casos, o ámbito académico parece ser case o único no que a lingua galega fai acto de presenza na súa vida cotiá. Por iso, malia difícil percepción de avances no pasado e o panorama sombrío de redución de axudas no futuro, a dinamización lingüística segue a ser necesaria para conseguirmos que o alumnado acade ao final do ensino obrigatorio a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.

Ademais no próximo período, cómpre revisar ou redactar un novo Proxecto Lingüístico de Centro que integre todas as medidas e actividades relativas á aprendizaxe de linguas e a

adquisición da competencia lingüística.

OBXECTIVOS

- Conseguir a completa normalización do idioma galego na vida académica e fomentar o seu emprego como instrumento de comunicación no conxunto de actividades do IES.
- Continuar a participación do centro no Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras (seccións bilingües, CUALE, auxiliares de conversa).
- Incorporar o centro a proxectos de intercambio lingüístico con outros países.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Revisar o Proxecto Lingüístico de Centro cara un proxecto de linguas integrado.
- Garantir que o galego sexa a lingua empregada a nivel administrativo, en todos os comunicados, documentos, páxina web...
- Afondar nas medidas recollidas no Proxecto Lingüístico para a integración do alumnado procedente doutras comunidades.
- Solicitar a colaboración de todos os estamentos educativos, especialmente do profesorado e a ANPA, para a participación no EDL.
- Manter as seccións bilingües consonte o número de matrícula dispoñible.
- Publicitar a oferta de cursos de inglés CUALE.
- Solicitar a presenza de auxiliares de conversa en lingua inglesa.
- Estudar as posibilidades reais e trazar as liñas de actuación, xunto cos departamentos de linguas, para a participación do centro en programas europeos.
- Apoiar ao profesorado na ampliación de coñecementos persoal e profesional e animalo a participar en actividades de formación no estranxeiro (PIALE).

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Documentos internos: memoria do EDL.
- Rexistro de actividades.
- Novo estudo estatístico sobre a realidade sociolingüística do alumnado e as familias.
- Seguemento dos datos de matrícula en CUALE e presentados ás probas da Escola Oficial de Idiomas.
- Participación en programas e proxectos.
- Documentos internos: programación e memorias de departamentos didácticos e das seccións bilingües.

TIC e dixitalización

A adaptación do centro ás novas tecnoloxías ten sido unha prioridade ao longo dos últimos anos. Acadamos unha ampla dotación de equipos en todas as aulas, catro delas dentro da rede Edixgal. Asemade, mantense actualizada a Aula de Informática e tamén existen ordenadores a disposición do profesorado na Sala de Profesores e portátiles Edixgal, e do alumnado na Biblioteca.

Con todo, as necesidades de modernización e prestación de servizos (wifi, impresión) sempre van por diante. En diferentes foros como claustro ou a xunta de delegados/as, téñense declarado as seguintes carencias ou demandas:

- Necesidade de labores de mantemento e reparación para o funcionamento cotián.
- Solucionar os problemas de conectividade.
- Creación dunha segunda Aula de Informática.
- Volcado de documentos e impresos na páxina web.
- Formación constante sobre uso e riscos de internet para adolescentes e familias.

OBXECTIVOS

- Lograr unha dotación axeitada de recursos informáticos e de material didáctico de nova xeración no centro.
- Potenciar o emprego das novas tecnoloxías na aula, na xestión e na comunicación con toda a comunidade educativa.
- Avaliar o Plan TIC e garantir a súa continuidade.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Ampliar a participación en programas de dixitalización e educación dixital: espazoAbalar, E-dixgal...
- Estudar a viabilidade da contratación externa do servizo de reparación e mantemento.
- Actualización do equipamento por vías oficiais e fondos propios.
- Estimular o emprego docente de ferramentas informáticas institucionais ([Webs dinámicas](#), [EspazoAbalar](#)) e software libre.
- Actualización periódica de contidos da páxina web do centro e aproveitamento da Aula Virtual.
- Fomento da comunicación e expresión audiovisual: edición de vídeo e radio.
- Apoio á introdución no currículo de materias tecnolóxicas como robótica ou programación.

- Incluir a formación nesta materia na programación de actividades complementarias do alumnado e ampliar a oferta de charlas ás familias coa colaboración da ANPA.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Obras e adquisición de materiais reflexados nas contas.
- Documentos internos: memoria de departamentos, informes do proxecto Abalar.
- Rexistro de actividades.
- Seguimento da páxina web, aula virtual e redes sociais.

Actividade física e hábitos saudables

A promoción da actividade física e dos valores do deporte é a mellor prevención contra o sedentarismo, os trastornos da alimentación e outros males da sociedade contemporánea. A educación de hábitos saudables ten un amplo campo de actividade dos cales os centros de ensino non debemos quedar á marxe.

O IES Mugardos vén realizando curso a curso unha programación realista de actividades deportivas que deben desembocar na redacción e aprobación dun Plan Deportivo de Centro. Existen no entorno numerosas entidades e clubs dispostas a estreitar a colaboración co instituto.

OBXECTIVOS

- Posta en marcha anual dun *Plan Deportivo de Centro*.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Participación en proxectos como Xogade, Deporte Escolar, xogos tradicionais...
- Promover actividades deportivas nos recreos.
- Promoción das actividades entre a comunidade educativa.
- Ampliar a colaboración cos clubs deportivos do entorno e os servizos municipais de deporte.
- Dar continuidade aos premios Estudo e Deporte.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

- Memorias anuais.
- Participación en actividades.

Avaliación

A avaliación debe ser coherente con este propio proxecto e fiable para ser tomada como referente na avaliación final do director e do seu equipo. Porén, non se considera simplemente unha fase final. A avaliación enténdese como un elemento dinamizador de toda a actividade do centro durante o período de mandato da dirección.

En primeiro lugar establecemos os axentes que participan neste proceso:

- **Avaliación interna.** Corresponde ao equipo directivo, nas sesións que se realizan todas as semanas e polo menos ao final de cada trimestre, analizar o cumprimento das actuacións programadas. Ademais, redactarase un informe que inclúe a valoración da acción directiva e que se engade á memoria final remitida á Inspección.
- **Avaliación participativa.** Todos os sectores da comunidade educativa teñen voz no seguemento do proxecto directivo. En especial os órganos de goberno e coordinación achegan datos e valoracións de xeito continuado. O Consello Escolar ten competencias na aprobación e revisión das actuacións do equipo directivo. O Claustro canaliza boa parte das achegas do profesorado. Os Departamentos avalían resultados, logros, dificultades e xeran propostas de mellora a través das memorias e os xefes de departamento a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica. As xuntas de delegados tamén recollen as aportacións do alumnado. A ANPA transmite numerosa información e inquietudes das familias a través das reunións mensuais coa dirección e a súa participación na vida académica. Tamén corresponde á administración a través da Inspección avaliar e facer un seguimento do proceso e da dirección do centro.

En segundo lugar, citamos algúns dos mecanismos ou procedementos de avaliación:

- Enquisas de valoración. Os procedementos informáticos axilizaron enormemente o procesamento de datos estatísticos e permiten chegar na actualidade a amplos sectores da comunidade.
- Grupos de debate. Instrumento para a recollida de datos e información baseada nos argumentos empregados no debate entre un grupo relevante.
- Documentos internos. Existen avaliacións nas memorias finais dos departamentos, análises de xefatura de estudos, informes de dirección sobre os resultados académicos e outros como o do Observatorio da Convivencia.
- Rexistros de actividades, obras, etcétera.
- Buzón de Suxestións, Queixas e Reclamacións (SQR).

Por último, na declaración das liñas de actuación para acadar os obxectivos propostos, reflectense os indicadores de avaliación.